

ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES E O CONCELLO DE OROSO PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO DENOMINADO MELLORA DO ILLAMENTO TÉRMICO DA ESCOLA UNITARIA DE VILACIDE

REUNIDOS

Dunha parte, Diego Calvo Pouso, conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, en nome e representación da Xunta de Galicia, en virtude do Decreto 44/2024, do 14 de abril, polo que se nomean aos titulares das consellerías da Xunta de Galicia, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia.

Doutra parte, Alexander Doval Expósito, alcalde do Concello de Oroso, en virtude das facultades representativas que lle atribúen os artigos 21.1 b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e 61.1.a) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

As persoas reunidas actúan no exercicio dos seus cargos e, na representación que exercen, recoñécense capacidade para obrigarse nos termos do presente convenio de colaboración e para o efecto

EXPOÑEN

Primeiro. Con data 9 de outubro de 2025, a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, asinou co concello de Oroso un convenio de colaboración para a execución do proxecto denominado "Mellorado illamento térmico da Escola Comunitaria de Vilacide"

Segundo. O Concello de Oroso interesa unha ampliación dos prazos para a execución das actuacións, presentación da documentación xustificativa e de vixencia do convenio, considerando a data de adjudicación deste contrato e as condicións meteorolóxicas destes días que están afectando a execución material da obra.

Terceiro. Co fin de estudar a proposta do concello, en data 13 de novembro de 2025 reuniuse a comisión mixta, integrada por dous representantes da Dirección Xeral de Administración Local e dous representantes do Concello de Oroso, e propuxo a formalización dunha addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e o Concello de Oroso para a execución do proxecto denominado "Mellora do illamento térmico da Escola Comunitaria de Vilacide"

En consecuencia e conforme establece a cláusula décimo segunda do convenio subscrito, ambas partes acordan a seguintes

CLÁUSULAS

Primeira. Modificación dos prazos.

A modificación dos prazos establecidos, para a execución das actuacións, presentación da documentación xustificativa e do prazo de vixencia do convenio, establecidos nas cláusulas sexta, apartado terceiro, e décimo sexta, ata o día 15 de decembro de 2025.



Segunda. Publicidade da addenda

1. As partes asinantes manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan nesta addenda así como o resto das especificacións contidas nela, poidan ser publicados no Portal da transparencia e goberno aberto e no Rexistro de convenios da Xunta de Galicia.
2. En cumprimento do disposto nos artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, comunicárase a subscripción desta addenda á Base de datos nacional de subvencións, que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións.

Terceira. Protección de datos

As partes asinantes virán obrigadas en materia de protección de datos a cumprir co Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos) e demais disposicións vixentes sobre a materia.

En proba da súa conformidade, as partes comparecentes asinan o presente documento na data consignada na sinatura electrónica

O conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes

O alcalde do Concello de Oroso

Diego Calvo Pouso

Alexander Doval Expósito

